

xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2008.

Pablo Nimo Ríos
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Anuncio do 24 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se lle dá publicidade á modificación de destino definitivo de funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario.

Pola resolución da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 25 de maio de 2007 (DOG do 31 de maio), resolveuse definitivamente o concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficias de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de artes plásticas e deseño. Como consecuencia da dita resolución adxudicouse destino definitivo ao profesorado que figura nos anexos da citada resolución.

Contra a resolución citada presentáronse recursos en vía administrativa, algúns dos cales foron obxecto de resolución estimatoria que supón a modificación do destino definitivo dos recorrentes.

Como consecuencia de todo o anterior, esta secretaría xeral

ACORDA:

Facer público os destinos definitivos obtidos por estimación de recursos en vía administrativa do profesorado que se relaciona en el anexo.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO

Interesado/a	DNI	Destino definitivo	Especialidade
Mazás Varela, Manuel	35319958-P	IES Manuel Antonio de Vigo	Servizos de restauración
Martínez-Romero Fernández, Mercedes	33398088-N	IES Eusebio da Guarda da Coruña	Xeografía e historia
Losada Rodríguez, Mª Consolación	32609090-N	IES Monelos da Coruña	Xeografía e historia
Castelo Fernández, Nuria	33314356-Y	IES Leiras Pulpeiro de Lugo	Xeografía e historia

Anuncio do 24 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se lle dá publicidade á modificación de destino definitivo de funcionarios do corpo de mestres.

Por resolución da secretaría xeral do 24 de maio de 2007 (DOG do 31 de maio), resolveuse definitivamente o concurso de traslados entre funcionarios docentes do corpo de mestres. Como consecuencia da dita resolución adxudicouse destino definitivo ao profesorado que figura nos anexos da citada resolución.

Contra a resolución citada presentáronse recursos de alzada, algúns dos cales foron obxecto de resolución estimatoria que supón a modificación do destino definitivo dos recorrentes.

Como consecuencia de todo o anterior, esta secretaría xeral

ACORDA:

Primeiro.-Facer público os destinos definitivos obtidos por estimación de recurso de alzada do profesorado que se relaciona no anexo I.

Segundo.-Facer público as situacións en que, como consecuencia das resolucións dos recursos de alzada, queda o profesorado que se relaciona no anexo II.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Interesado	DNI	Destino definitivo	Especialidade
Bernárdez Pérez, José Ramón	36017023N	CEIP García Barbón. Vigo	Educación primaria
Camarero Albandoz, Margarita	32754114K	CEIP Galán. Arteixo	Educación primaria
Carreiro Domínguez, Ana Rosa	34963022D	CPI Tomás Lemo. Ribadavia	Educación infantil
Cebreiro Fuentes, Mª Nieves	33213814C	CEIP A Ramallosa. Teo	Educación primaria
Ferradás Cuñarro, Mª Cruz	35248736V	CEIP Manuel Rivero. Lalín	Educación primaria
García Millán, Isabel	12723561F	CEIP de Ombre. Pontedeume	Educación primaria
García Vázquez, Belén	34937796Z	CEIP A Canicouva. Vigo	Educación infantil
Gómez López, Cristina	34792295J	CEIP A Xunqueira nº 1. Pontevedra	Educación infantil
Grille Riazuelo, Rosa Mª	32682801P	CEIP de Pazos. Ferrol	Educación infantil
Pedrido Rodríguez, Concepción	32436546T	CEIP Sofía Casanova. Culleredo	Educación primaria
Pena Bouza, María	32427952E	CEIP Anxo da Guarda. A Coruña	Educación primaria
Pérez Paz, Rosario	33241879W	CEIP O Coto. Negreira	Educación primaria
Rodríguez Ons, Mª Nieves	33254884N	CEIP O Coto. Negreira	Educación primaria
Alonso Pino, Francisco	33995193C	CEIP Pedro Caselles Rollán. Xove	Educación musical
Martín Llanes, Rocío	71118598E	CEIP de Barrantes. Tomiño	Filoxofía inglesa

ANEXO II

Interesado	DNI	Destino
Aris García, M ^a del Carmen	35300049V	Expectativa de destino
López Alonso, José Luis	76562324K	Suprimido
García Rodríguez, Isabel	34957752Y	Expectativa de destino
Gómez-Ulla Fojo, María	44814130X	Expectativa de destino
Porto Romalde, M ^a Pilar	32651374E	Suprimida
Uceira Rey, Eva	32828102H	Expectativa de destino
Vedía Baliñas, Noa	44829823V	Expectativa de destino
Casariego Guerreiro, M ^a Alejandra	33992863J	Suprimida
Bernárdez Coto, Alberto	71118598E	Expectativa de destino

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 14 de decembro de 2007 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), en diante LOU, e no Real decreto 1313/2007, do 5 de outubro polo que se regula o réxime dos concursos de acceso a corpos docentes universitarios (en diante RDCA), e en virtude do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia,

Esta reitoría resolveu convocar a concurso a praza que figura no anexo I desta resolución, con suxección ás seguintes

Bases da convocatoria**1. Normas xerais.**

Este concurso rexererase pola LOU, o RDCA, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os estatutos da Universidade de Vigo e no non previsto, pola lexislación xeral da función pública do Estado.

2. Requisitos dos candidatos.

2.1. Para ser admitido á realización destas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos exixidos nesta base na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata a toma de posesión:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados, aos cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballado-

res nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que viven ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros estados cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Igualmente poderán participar os aspirantes de nacionalidade estranxeira non comunitaria, cando se cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 do RDCA.

b) Ter cumplidos os dezaoito anos de idade e non ter superado os setenta.

c) Estar acreditado e/ou habilitado para o corpo e área de que se trate, cumplir os requisitos establecidos no artigo 4 do RDCA e non estar incursos na prohibición do punto 4º do artigo 9, do mesmo RDCA.

d) Ter aboados as taxas por dereitos de exame.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. Os aspirantes cuxa nacionalidade non sexa a española deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

f) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes á praza.

3. Solicitudes.

3.1. As solicitude para participar no concurso axustaranse ao modelo que figura como anexo III desta convocatoria e dirixiranse ao reitor da Universidade de Vigo no prazo de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial del Estado*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992.

3.2. As solicitude presentaranse no rexistro xeral (reitoría, campus universitario, 36310 Vigo) ou nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Pontevedra, Campus de Ourense e r/ Torrecedeira, nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitude no estranxeiro poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.